

Anuncio de aprobación de bases segundo o decreto de alcaldía nº104/2024 asinado o 08/03/2024 polo cal se aproban as bases para contratación laboral de 2 operarios de servizos para manexo de maquinaria de desbroce de vías :

“Bases para a contratación de persoal temporal dúas prazas de condutor/a

Primeira.- Obxecto da convocatoria

O obxecto das presentes bases é establecer os criterios de selección de traballadores/as para cubrir dous postos de traballo temporal de condutor, para o programa anual de mantemento de vías e espazos públicos municipais durante os meses de primavera e verán, cando eses traballos son máis necesarios e para substituír durante as súas vacacións ó persoal laboral fixo que realiza habitualmente estes traballos de manexo de maquinaria e vehículos municipais,

Segunda.- Características dos postos

Os postos que se van contratar terán as seguintes características:

- Posto e número:

Dous postos de condutor/a de vehículos e maquinaria.

- Contrato: contrato de traballo temporal por circunstancias da produción

- Duración: 6 meses

- Tipo de xornada: completa.

- Grupo IV (C-2)

- Complemento de destino: Nivel 14.

- Complemento específico: 4.999,50 €/ano.

Terceira.- Publicidade

A publicidade das bases deste proceso selectivo e o resto dos anuncios sucesivos farase mediante na web municipal (<https://assomozas.es/>) e no taboleiro de anuncios.

Cuarta.- Requisitos das persoas aspirantes

Os requisitos das persoas aspirantes son os seguintes:

- Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e estar dispoñible para o emprego. Este requisito debe cumprirse tanto no momento da selección, coma no da formalización do contrato

- Ter a nacionalidade española e ser maior de 16 anos, con idade non superior á de xubilación, sen prexuízo do disposto na legalidade vixente para o acceso dos nacionais dos Estados membros da UE, así como das persoas estranxeiras residentes en España

- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin estar en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer



funcións similares ás das presentes bases. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público

- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións
- Estar en posesión do carnés de conducir tipo B en vigor
- Certificado de estudos primarios ou titulación equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación .
- Ter a capacidade física axeitada para ocupar o posto de traballo, e nomeadamente para o manexo dos vehículos e maquinaria propias do posto (tractores, desbrozadoras, ...)

Quinta.- Procedemento de selección

O procedemento de selección será o seguinte:

- Introducción da oferta no SPEG, sondaxe e derivación dos candidatos e candidatas por parte do servizo. Darase un prazo de cinco días para a presentación da documentación dende a publicación das bases no taboeiro de anuncios ou da chegada da carta/aviso do SPEG
- Fase de concurso: valoración de méritos.
- Fase de oposición: proba escrita ou oral. Poderase tamén realizarse unha proba práctica e proba de lingua galega no caso de non ter acreditado o CELGA 2
- Puntuación final e proposta de persoas candidatas á Alcaldía.

Sexta.- Chamamento e documentación que se debe achegar

Unha vez recibidas as solicitudes das persoas interesadas , procederase a realizar unha listaxe de persoas admitidas, que será publicada na web e no taboleiro de anuncios.

Asemade, coa aprobación desa listaxe marcarase o día, hora e lugar no que se celebrará a entrevista e no seu caso proba práctica, así como a documentación que terán que achegar. Paralelamente as persoas candidatas serán citadas telefonicamente.

Sétima.- Fase de concurso . Máximo 2 puntos

Valorase as circunstancias relacionados co posto de traballo ata un máximo de 2 puntos

-Experiencia como conductor de maquinaria agrícola 0,1 punto por mes completo traballado ata máximo de 1 punto.

Acreditarase con fotocopias compulsadas dos contratos de traballo e vida laboral do solicitante. Para o caso dos/as traballadores/as autónomos/as alta no IAE e vida laboral. No caso de servizos prestados na administración pública, poderán presentarse certificacións de servizos prestados a efectos de valoración da experiencia.

- Estar en posesión dos carnets de conducir seguintes , C1, C, D1 e D, BE e o CAP. 1 punto por ter a totalidade dos carnets de conducir e o CAP 1 punto

Estas circunstancias deberanse acreditar coa documentación que se achegará xunto a solicitude de participación no procedemento de selección.



Oitava.- Fase de oposición .Maximo 8 puntos

A fase de oposición será valorada cun máximo de 8 puntos, segundo o criterio do tribunal asignado, onde se valorarán os coñecementos sobre o posto a desenvolver.

Proba oral /escrita /práctica .

Realizarase unha proba na que se avaliarán os coñecementos das persoas candidatas sobre:

- Coñecementos do posto a desenvolver (procedementos e maquinaria precisa para os traballos a realizar)
- Coñecementos do territorio municipal (parroquias e lugares de As Somozas e principais vías de comunicación).
- Medidas de seguridade básicas para o uso de maquinaria e ferramentas.
- A proba práctica poderá consistir no manexo do tractor con desbrozadora municipal, ou calquer outra maquinaria para limpeza de vías para ver as aptitudes e capacidades e habilidades no manexo da maquinaria de cada aspirante

A non presentación á proba suporá a eliminación do proceso selectivo.

Debido ás características do posto, o tribunal poderá determinar que a proba sexa oral, escrita e/ou práctica, versando, neste caso sobre o uso da maquinaria propia do posto.

A superación da proba requirirá unha puntuación mínima de 4 puntos

Proba de coñecemento da lingua galega

As persoas aspirantes que teñan superado a proba teórico -práctica serán convocados no día, hora e lugar que sinala o Tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega . Consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego ou a inversa de non menos de dez liñas, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto.

Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación.

Novena.- Valoración final

Unha vez rematada a valoración da fase de concurso e realizada a proba presencial, o tribunal sumará os puntos obtidos por cada persoa candidata e propondrá á Alcaldía o nomeamento das persoas que obtivesen as puntuacións máis elevadas. No caso de empate terán preferencia as persoas que non perciban ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego e, se persiste o empate as persoas con data de maior antigüidade en situación de desemprego. O resto de persoas que non fosen eliminadas durante o proceso selectivo formarán unha lista de agarda, á que se recorrerá no caso de ter que realizar contratacións de substitución das persoas seleccionadas inicialmente.

Décima.- Tribunal



O tribunal estará composto polas seguintes persoas:

- Presidenta: Noelia Galego Casal ou traballador/a que o substitúa
- Secretaria: Paula Diaz Tie ou funcionario/a que o substitúa
- Vogal: Juan Antonio Anidos Otero ou traballador/a que o substitúa

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura de prazas convocadas.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á Alcaldía, cando neles concorran circunstancias previstas de abstención recollidas na normativa de procedemento administrativo común. Ademais, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando se dese calquera das circunstancias de abstención. Para a válida actuación do tribunal será precisa a presenza da maioría dos seus membros.”

Undecima .Protección de datos

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de As Somozas , onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación. Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro municipal (físico e electrónico) e na web municipal , a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe do documento

